



**CONCELLO DE ORDES**  
**(A CORUÑA)**

ACTA Nº 7/2016

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE E OITO DE XUÑO DE DOUS MIL DEZASEIS.**

En Ordes, a vinte e oito de xuño de dous mil dezaseis.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- ANA M<sup>a</sup> SONEIRA LIÑARES
- BEATRIZ MARTÍNEZ CANDAL
- LUIS CAAMAÑO FRAGA
- JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ
- JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- MANUEL REGOS BOQUETE
- SILVIA MARÍN PEREIRO
- ROBERTO JESÚS GONZÁLEZ SANTOS
- JOSÉ LUÍS GÓMEZ CANDAL
- LUCÍA IGLESIAS MIRÁS
- PABLO VIDAL RÍOS
- GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- VERÓNICA GÓMEZ FUENTES

Non asisten:

- JOSÉ RAMÓN VÁZQUEZ RAÑA
- PAULA CASTENDA BLANCO

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás vinte horas, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

**PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 31/05/2016.**

Polo Sr. Alcalde procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria de data 31/05/2016, cuxa minuta foi distribuída



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

A acta da sesión ordinaria, de data 31 de maio de 2.016, resultou aprobada, en votación ordinaria, por maioría de quince votos a favor, sendo dezasete o número legal de membros desta Corporación.

### **PUNTO SEGUNDO: INFORMES DA ALCALDÍA.**

Polo Sr. Alcalde non se da conta de ningunha actuación municipal.

### **PUNTO TERCEIRO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, PLAN PROVINCIAL DE MEDIO AMBIENTE (PMA) 2016.**

Publicadas as bases reguladoras do Plan Provincial de Medio Ambiente (PMA) 2.016 (BOP nº 103, de data 01/06/16).

Visto o ditame da Comisión Informativa Permanente de Obras e Urbanismo.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PsdeG-PSOE, que sinala que apoian este plan para estas obras e actuacións medioambientais. Este plan vai a favorecer aos concellos máis despoboados e de perfil rural, permitirá manter e mellorar, o entorno e a calidade medioambiental. Apoiarán a proposta.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que apoiarán esta proposta por que se trata de obras que demandaron sempre en outros plans, dedicar un maior orzamento a obras de abastecemento e saneamento.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que están de acordo con este plan. É importante que se acondicionen as fontes, quedan moitas por arranxar. Nas actividades de formación e educación ambiental, si que ve algunha eiva por que non se especifican as ratios de guías por nenos, pode haber rapaces con diversidade funcional. O orzamento tamén é escaso. Para subsanar barreiras arquitectónicas pola natureza, sería importante gravar estas actividades para estes rapaces e que as poidan levar a cabo noutro entorno no que se poidan proxectar, a capacidade da cámara parécelle escasa. Habería que concretar un pouco máis.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se tratará de que as actividades cheguen a todas as persoas, especialmente os nenos. Toma nota destas observacións.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de quince votos a favor (7 grupo político PP, 5 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.–Aprobar o Plan provincial de medio ambiente (PMA) 2016, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras que o Concello ten previsto realizar, ou a dedicación a actividades relacionadas co medio ambiente, e de acordo co financiamento que se indica:

### A) Realización de obras:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto total
Mellora fosa séptica estación de Fosado e outras	26.223,33	0,00	26.223,33
Acondicionamento entorno fonte das Cortellas e outras	18.828,61	0,00	18.828,61
<b>SUBTOTAL OBRAS</b>	<b>45.051,94</b>	<b>0,00</b>	<b>45.051,94</b>

Aprobar os proxectos das obras incluídos na anualidade 2016 e que se relacionan nesta táboa.

### B) Financiamento de actividades:

Detalle das actividades a realizar	Deputación	Concello	Presuposto total
Campañas de sensibilización medioambiental	4.653,66	0,00	4.653,66
<b>SUBTOTAL ACTIVIDADES</b>	<b>4.653,66</b>	<b>0,00</b>	<b>4.653,66</b>

### C) Resumo:

Denominación	Deputación	Concello	Presuposto total
SUBTOTAL OBRAS	45.051,94	0,00	45.051,94
SUBTOTAL ACTIVIDADES	4.653,66	0,00	4.653,66
<b>T O T A L</b>	<b>49.705,60</b>	<b>0,00</b>	<b>49.705,60</b>

3.–Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que conta coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias ou que xa as solicitou antes do remate do prazo de presentación da solicitude deste Plan, xuntando os correspondentes documentos.

4.–Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.–Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou actividade e, no caso de que



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.–Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.–Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

### **PUNTO CUARTO: APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE CREDITOS IPE CE-SC/2.016.**

Expediente de modificación de créditos, suplemento de crédito 1PSC/2015, para o financiamento das obras incluídas no Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2015.

Visto o ditame favorable da Comisión Permanente de Facenda, de data 23/06/16, e informe de intervención.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PsdeG-PSOE, que sinala que ven lóxico que se leven a cabo estas modificacións de crédito cando hai situacións excepcionais, un incendio, inundación, que se saque dunha partida para dotar de crédito outra partida orzamentaria, pero non que se faga de forma rutinaria. Se trouxeron uns orzamentos para a súa aprobación, pero a falta de diálogo e capacidade de negociación do goberno municipal impediu sacalos adiante. Entende que estas modificacións de crédito habituais e de forma rutinaria vai a supor unha lentitude no desenvolvemento das obras. Cando estaba na oposición sempre criticaba a elevada débeda do concello e agora podendo facer unha amortización dun maior importe non se fai. Non ten nada en contra destas obras.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que entende que andar modificando créditos continuamente non é forma de traballar e de funcionar. Non houbo a capacidade necesaria para aprobar os orzamentos municipais. Terá que traer uns orzamentos consensuados para sacalos adiante ou vincularlos a unha cuestión de confianza. Non se lle pode dicir á xente que non hai cartos por que non lle aprobaron os orzamentos. Este non é xeito de proceder. Votarán negativamente.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que tamén van a ir nesa liña. Durante moito tempo escoitámoslle dicir que o concello tiña unha débeda elevada. Agora ten vostede a oportunidade de amortizar esa débeda. Non debía ser tan alta. Ao mellor as cifras nunca coincidiron. Estes días están a escoitar que pola nosa culpa non se aprobaron os orzamentos. Non se aprobaron pola súa capacidade de negociación, non polos demais membros do seu equipo de goberno, non hai maneira. O talante, a actitude ten que ser outra, con vostede resulta bastante difícil. Cada un ten que ser responsable do que di. Dixo en moitas ocasións que



## CONCELLO DE ORDES

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

a débeda era moi alta, tamén se fixeron moitas cousas. Non debía ser tan alta. Están a favor das obras, o tanatorio é fundamental, si que lles houbera gustado que a primeira fase fose a entrada. Hai unha incongruencia entre o que di e o que fai.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que deben votar en consecuencia co que teñen decidido. O 16 de marzo cando este pleno acordou solicitar o PAI non houbo ningún tipo de obxección. Non sabe o que vai a suceder. Gustaríalle que hoxe este suplemento de crédito saíse adiante, por que é necesario, xa que este plan saíu adiante no pleno de 16 de marzo, despois a Deputación co consenso de todos os grupos aprobou este plan. Amortizaranse douscentos dezasete mil euros de débeda e tamén co remanente de 2015 se amortizará unha cantidade importante. Gustaríalle que se lle presentasen emendas serias e sensatas aos orzamentos que se lle presentaron, que non fixo ningún dos grupos no mes de maio. Esa é a maneira lóxica de contrarrestar eses orzamentos. Non sabe de onde sacan eses comentarios, ningún membro do goberno lle dixo aos veciños que non se poden facer obras, están facendo todo o posible para poder seguir facendo obras, o único problema que teñen é con determinadas subvencións nominativas que estaban incluídas, incluso unha que pediu o PSOE, as axudas aos deportistas, que non poden sacalas adiante. A ninguén se lle negou unha actuación vinculada aos orzamentos. O que acaban de dicir non é certo. Se non sae adiante esta modificación de créditos, non poderán amortizar débeda ou executar esta actuación no ano 2016 e haberá que darlle unha explicación á Deputación.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de oito votos en contra (5 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), cos votos a favor (7 grupo político PP), sendo dezasete o número legal dos seus membros, rexeitou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos IPE CE-SC/2.016.

#### **PUNTO QUINTO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, BONIFICIACIÓNS COTA ICIO OBRAS DE CONSTRUCCIÓN/AMPLIACIÓN EXPLOTACIÓNS AGROGANDEIRAS.**

Expedientes de bonificacións cota ICIO, licenzas urbanísticas de obras de construción/ampliación de explotacións agrogandeiras.

Visto o disposto no art. 5.1 (bonificacións) da Ordenanza fiscal nº 4, reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (BOP nº 230, de data 13/12/13).

Visto o ditame favorable da Comisión Permanente de Facenda.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de quince votos a favor (7 grupo político PP, 5 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

- JOSÉ MANUEL CAO GAUDEOSO, con DNI nº 46902606V, solicitude de data 10/06/16, rexistro de entrada nº 3494, de obras de construción de alpendre tipo invernadoiro para almacenaxe de herba seca e maquinaria, en Lg. Campo do Sino, Vilamaior, Ordes.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

- PABLO MOSQUERA DONO, con DNI nº 44845280H, solicitude de data 17/06/16, rexistro de entrada nº 3670, de obras de ampliación de explotación de gando vacún de carne e construción de fosa de xurro, en Lg. Hermida, Beán, Ordes.

### **PUNTO SEXTO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.**

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 31 de maio de 2.016, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O Pleno Corporativo Municipal dáse por decatado.

### **PUNTO SÉTIMO: MOCIÓNS.**

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Polos grupos políticos preséntanse as mocións seguintes.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que a primeira moción que traen é para empezar a traballar nun modelo de pobo que elimine as barreiras que dificulten ás persoas con discapacidade a súa plena integración. Esta moción por afectar ás ordenanzas municipais, por motivos técnicos ten que deixarse sobre a mesa para o seu estudo en comisión. Vai a facer unha exposición da iniciativa que presenta para que despois do estudo por todos os grupos poida ser debatida e votada no próximo pleno, que é a seguinte:

“En España, aproximadamente un 8% da poboación ten algunha discapacidade. Colectivo importante da cidadanía con iguais dereitos que deben formar parte da sociedade sen que teñan que sortear barreiras e dificultades.

O compromiso do PSOE é avanzar nun modelo de convivencia que logre eliminar as barreiras que dificulten ás persoas con discapacidade o acceso as mesmas oportunidades para a súa plena integración.

A Constitución Española no seu artigo 9.2 atribúe os poderes públicos a promoción das condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas. Referíndose ás persoas con discapacidade, o artigo 49 da Carta Magna,



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

ordena ós poderes públicos que presten a atención especializada que requiran e o amparo especial para o disfrute dos seus dereitos.

O Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado por Real Decreto Legislativo 1/2013, de 29 de novembro, recolle entre os seus principios previstos no artigo 3, o da vida independente e o da accesibilidade universais. En coherencia con ditos principios, o artigo 30 prevé a adopción polos concellos das medidas axeitadas para facilitar o estacionamento dos automóviles pertencentes a persoas con problemas graves de mobilidade ou mobilidade reducida, por razón da súa discapacidade.

No ámbito europeo, a Recomendación (98/376/CE) do Consello da Unión Europea, sinala que é necesario o recoñecemento mutuo polos Estados membros da Unión Europea da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade con arranxo a un modelo comunitario uniforme.

No noso país, o texto articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, aprobado por Real Decreto Legislativo 339/1990, de 2 de marzo, atribúe no seu artigo 7 aos municipios a competencia para regular, mediante ordenanza municipal de circulación, a distribución de Ordes equitativa dos aparcadoiros nas vías urbanas, prestando especial atención ás necesidades das persoas con discapacidade que teñen reducida a súa mobilidade, co fin de favorecer a súa integración social.

O Real Decreto 1056/2014, de 12 de decembro, polo que se regulan as condicións básicas de emisión e uso da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade ten por obxecto o establecemento, dende o máis absoluto respecto as competencias autonómicas e municipais, das condicións básicas que garantan a igualdade en todo o territorio para o emprego da tarxeta de estacionamento.

O artigo 5 deste Real Decreto di que son os concellos, mediante Ordenanza, os que determinarán as zonas do núcleo urbano que teñen a condición de centro de actividade.

Por outra banda, a disposición transitoria primeira, que regula a Adaptación da Normativa, establece que as Administracións públicas competentes disporán do prazo dun ano para adaptar as súas normas ás previsións deste Real Decreto, dende a fecha da súa entrada en vigor, que tivo lugar o 24 de decembro de 2014.

No Concello de Ordes dispoñemos actualmente de dúas Ordenanzas, a ordenanza fiscal reguladora da taxa por estacionamento de vehículos en zona de aparcamento limitado (zona ora) e a ordenanza xeral municipal sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial.

O que propoñemos dende a Agrupación Socialista de Ordes é a modificación dalgúns artigos nestas dúas Ordenanzas para adaptalas ó disposto no RD 1056/2014 e así dar un paso máis no Concello en defensa e loita pola igualdade das persoas con diversidade funcional.

Polo que, en condición de voceira municipal do PSdG-PSOE no Concello de Ordes somete á consideración do Pleno esta moción, para que este adopte o seguinte acordo de resolución instando ó Concello a:

I.- Na ordenanza xeral municipal sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial os artigos seguintes quedarían redactados como segue:



## CONCELLO DE ORDES

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 8

#### Art.6.4.b. ZONAS PEONÍS

As limitacións de circulación e de estacionamento que se establezan nas illas ou zonas peonís non afectarán os seguintes vehículos:

Os que trasladen enfermos ou persoas con discapacidade con mobilidade reducida co perceptivo cartón europeo con domicilio, atención ou traballo dentro da área. Si precisaran circular ou estacionar frecuentemente por atención ou por traballo dentro da zona peonil sería necesario solicitálo o Concello e que este o autorizase.

#### Art. 33.c. PROHIBICIÓNS.

Nas zonas sinalizadas como de reserva para carga e descarga de mercadorías, nos días e horas en que estea en vigor a reserva, salvo os titulares de cartóns europeos para persoas con discapacidade con mobilidade reducida que si poderán estacionar, sempre que non obstaculicen a circulación nin de vehículos nin de peóns, tal e como recolle o RD 1056/2014 do 12 de Decembro no seu artigo 7.1.d

#### Art. 34. CARTÓN EUROPEOS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE CON MOBILIDADE REDUCIDA

1. O concello, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 7 da Lei de seguridade viaria, e en virtude do disposto no artigo 60 da Lei 13/1982 do 7 de abril, adoptará as medidas necesarias para a concesión de tarxetas de estacionamento europeas para persoas con discapacidade con mobilidade reducida e para a efectividade dos dereitos que desta se derivan, tendo en conta a Recomendación do Consello da Unión Europea sobre a creación dun cartón de estacionamento para persoas con discapacidade con mobilidade reducida e a lexislación sectorial da Comunidade Autónoma.

2. O concello expedirá o cartón de aparcadoiro especial para persoas con mobilidade reducida segundo o modelo determinado regulamentariamente e terá validez para todo o territorio nacional. O citado cartón permitiralle ó titular de vehículo autorizado estacionar nos lugares especialmente reservados para persoas con mobilidade reducida, salvo nos que estean destinados a un vehículo determinado ou nos debidamente sinalizados para estacionamento regulado con limitación temporal, carga e descarga e entrada e saída de vehículos.

Poderán estacionar así mesmo nas zonas destinadas a carga e descarga e naqueles lugares da vía que non obstaculicen a circulación nin de vehículos nin de peóns, tal e como recolle o RD 1056/2014 do 12 de Decembro no seu artigo 7.1. d

2.- Na ordenanza fiscal reguladora da taxa por estacionamento de vehículos en zona de aparcamento limitado (zona ORA) os seguintes artigos quedarían redactados como segue:

#### Art. 9.- ESTACIONAMENTO NON PERMITIDO NA ZONA ORA.

Non poderán estacionar na zona ORA:

1.- Os vehículos de PMA superior a 3.500 kg, salvo autorización expresa.

2.- Os vehículos que realicen operacións de carga e descarga, salvo que non tivesen lugar nos espazos expresamente habilitados para tal fin ou o fixesen coa oportuna autorización municipal.

#### Art. 10.- VEHICULOS EXENTOS DA COLOCACIÓN DE TIKET E LIMITACIÓN NA ZONA ORA.

Están exentos da colocación do ticket e das limitacións de estacionamento de "zona ORA":





## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 9

1.-Os vehículos que dispoñan de título habilitante especial outorgado polo Concello, ou os titulares de cartón europeo para persoas discapacitadas con mobilidade reducida.

III.- Unha vez modificadas estas Ordenanzas empezar a desenrolar as medidas necesarias para dar cumprimento ó disposto no artigo 5 do RD 1056/2014 que di que son os Concellos, mediante Ordenanza, os que determinaran as zonas do núcleo urbano que teñen a condición de centros de actividade e que os principais centros de actividade dos núcleos urbanos deberán dispor dun mínimo dunha praza de aparcadoiro reservada e deseñada para o seu uso por persoas titulares da tarxeta de estacionamento por cada corenta prazas ou fracción, independentemente das prazas destinadas a residencia ou lugares de traballo”.

Sinala por último a Sra. Gómez Fuentes, que dende o PSOE están abertos a que se lle fagan propostas para que poda ser debatida e votada no vindeiro pleno.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que hai que estudar toda a normativa, levala á comisión informativa preceptiva e despois mirarán se dan chegado para o próximo pleno ou queda para setembro. Todos deben opinar sobre esta modificación.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que presenta a moción que se transcribe a continuación.

“Dende a Agrupación Socialista de Ordes sempre demostramos, a través de numerosas iniciativas e propostas, que para nós as zonas verdes e de esparcemento, así como a política responsable co medio ambiente deben ser unha prioridade.

Non cabe dúbida de que as áreas verdes de lecer e esparcemento son claves para mellorar a saúde da poboación, pois actúan como pulmóns que renovan o aire, ó tempo que relaxan e supoñen unha mellora indiscutible da calidade de vida e contribúen a mellorar a lonxevidade.

Cultivar e fomentar os espazos verdes ou naturais aporta, ademais de melloras na saúde, no benestar e na calidade de vida, numerosos beneficios como, por exemplo, reducir os efectos do cambio climático, purificar o aire, o solo e a auga, estabilizar o microclima, ...etc.

Vendo a nova páxina web do Concello de Ordes, na área de Turismo activo, en espazos naturais, aparece o encoro de Vilagudín. Esta masa de auga, no corazón da provincia, permítenos desfrutar de numerosas especies de aves así coma dunha paisaxe espectacular.

Ao lado deste encoro de Vilagudín, hai unha área de lecer que, na actualidade, tal e como amosan as fotos, se atopa nunha situación de abandono total.

Polo que, en condición de voceira municipal do PSdG-PSOE no Concello de Ordes somete á consideración do Pleno esta MOCIÓN, para que este adopte o seguinte acordo de resolución instando ó Concello a:

Poñer en marcha medidas de conservación e restauración desta zona natural e, unha vez que se atope en condicións de ser empregada, proceder á súa inclusión na páxina web municipal como punto de interese turístico no noso Concello”.



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 10

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de quince votos a favor (7 grupo político PP, 5 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que nestes días viron unha nota de prensa do goberno municipal dicindo que esta zona era de Gas Natural Fenosa. Pide que se lle aclare esta cuestión antes de seguir coa intervención.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a titularidade é de Gas Natural Fenosa, como a parte do encoro que esta no termo municipal de Ordes, onde estaba a antiga caseta de pescadores. É certo que durante anos houbo unha concesión da Xunta de Galicia, houbo un coto pesqueiro e ao mesmo tempo parte das instalacións se aproveitaron por cuadrillas municipais, como da Xunta de Galicia, que si facían esas actuacións. Nalgún momento o concello se brindou a facer a limpeza do entorno, pero nunca tivo a titularidade. Non consta no concello ningún documento de cesión do espazo. A quen hai que comentarllo é a Gas Natural Fenosa, se ten a ben facer algunha actuación. Non hai problema en facer unha limpeza, pero facer un investimento en algo que non é de titularidade do concello non é viable. Así llo fan saber. A titularidade catastral e pagan o IBI por iso é de Gas Natural Fenosa. O coto pesqueiro rematou fai dous anos.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que hai que instar a Gas Natural Fenosa para que leve a cabo estas medidas de restauración e conservación.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que si que había unha cesión ao concello. Sempre lles pediu o coto pesqueiro para actividades. Dende a Deputación tamén se realizou algunha actividade con embarcacións. Ao mellor ese papel non aparece. Sempre se limpou. Sempre se intentou que estivera nas melloras condicións posibles de cómo está agora. Nunca o tiveron desta maneira. Sempre había solicitudes dos veciños para poder ir alí. O pozo cedeuno ao Concello a Fenosa para que acudisen os tratores. Si que hai unha cesión, por iso se limpou. Sempre se lles pediu autorización.

Intervén o Alcalde, que sinala que insiste que a concesión era do coto pesqueiro que rematou fai dous anos. No concello non consta nada. Se ten a ven a voceira do PSOE dámoslle traslado a Gas Natural Fenosa e se realmente hai algún documento de cesión que sexan eles os que nos contesten. Adiántalle que non o hai. Se o acordo de resolución é o que propón votarán en contra. Non van a facer un investimento nun ben que non é de titularidade municipal.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PsdeG-PSOE, que sinala que en ningún momento da moción afirman que sexa propiedade do concello. Documentouse e sabe que no pasado si que había algún tipo de cesión por que non tería sentido que un organismo público que quería facer alí unha actividade pedira permiso ao concello. Non ten



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 11

ningún tipo de inconvinte con que se engada un punto para que o concello se asegure de que non hai unha cesión. Pregúntalle ao Alcalde se esta seguro de que non hai ningunha cesión deses terreos.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que está comprobado que a titularidade é de Gas Natural Fenosa. Os únicos que tiveron unha cesión foi o coto pesqueiro que pechou fai dous anos. Todos poden comprobar que se pechou fai dous anos, o abandono é dende entón, que eran os únicos que facían o mantemento das mesas e barbacoas.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PsdeG-PSOE, que sinala que acepta a emenda do BNG e solicita que o Sr. alcalde lle diga o texto da emenda que propón.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que retira o acordo de resolución que propón e o que se fai é solicitarlle a Gas Natural Fenosa que acredite a titularidade e si existe algún tipo de cesión ao concello.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que eles irían un pouco máis alá. Se está claro que a titularidade é de Gas Natural Fenosa, que estamos a sufrir as emisións da central térmica, que levan un montón de anos afectando ao noso medio ambiente e á nosa saúde. Intentar buscar un convenio con Gas Natural Fenosa para a cesión en propiedade ao concello de Ordes para que poida levar a cabo as obras de restauración deste punto como ben de interese paisaxístico e turístico.

Intervén o Sr. Regos Boquete, en representación do grupo político UxO, que sinala que para aclarar a zona do embalse e recreativa é da Xunta de Galicia, de Medio Ambiente, a outra parte é de Fenosa. Eles estiveron en negociacións co Sr. Vallejo, que foi director xeral de Gas Natural Fenosa, que cedeu de palabra. Na zona recreativa o concello sempre fixo actuacións. Había por parte da Xunta de Galicia unha cesión de tempos do bipartito.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que van a pedirlle a Gas Natural Fenosa que lles aclare a titularidade e plantexarán a posteriori unha cesión da titularidade. Na próxima xunta de voceiros redactarase o texto definitivo e daráselle traslado a Gas Natural Fenosa si o ten a ben. Pídelle que o deixe sobre a Mesa.

Intervén o Sr. González Santos, que pregunta se o pozo de tratores non se vai a limpar.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa dixo que non hai inconvinte en facer unha limpeza, pero aquí fálase de facer obras de conservación e de restauración, cuxa titularidade hai que aclarar.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que o que hai que pedir é unha cesión en propiedade polo investimento que se vai a facer alí. Gas Natural Fenosa ten unha débeda con Ordes de moitos anos, hai que intentar que se transmita a propiedade ao concello.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PsdeG-PSOE, que sinala que non quere deixar a moción sobre a mesa. Tendo en conta as propostas de todos os grupos, o primeiro punto pode ser por en marcha medidas de limpeza desta zona natural por que a situación é lamentable. O segundo punto sería solicitar a Gas Natural Fenosa que informe se hai



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 12

algún tipo de cesión destes terreos. É unha vez que se aclare o punto anterior, acordar entre todos os grupos se se solicita a cesión en propiedade a Gas Natural Fenosa.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de oito votos a favor (5 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), coas abstencións (7 grupo político PP), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- Poñer en marcha medidas de conservación e restauración desta zona natural e, unha vez que se atope en condicións de ser empregada, proceder á súa inclusión na páxina web municipal como punto de interese turístico no noso Concello.

2.- Solicitar a Gas Natural Fenosa que informe se hai algún tipo de cesión destes terreos ao Concello de Ordes.

3.- Aclarado o punto anterior o Sr. Alcalde convocará a todos os grupos políticos para acordar se se solicita a cesión en propiedade a Gas Natural Fenosa.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que presenta a moción que se transcribe a continuación.

“Nos últimos meses, e con unhas condicións meteorolóxicas aparentemente boas, producíronse varias interrupcións longas do subministro eléctrico, que afectaron fundamentalmente á vila, causando un enorme prexuízo aos veciños.

Estas situacións provocan enormes trastornos aos veciños e afectan á competitividade do sector comercial e industrial de Ordes, ademais de manchar a imaxe de Ordes coma lugar atractivo para a implantación de novos proxectos empresariais.

Non debemos esquecer que Ordes atópase nun lugar privilexiado dende o punto de vista enerxético, preto de grandes fontes de enerxía e sendo atravesado o noso territorio por infinidade de liñas eléctricas.

Ademais está dobremente alimentado, o que precisamente deberá de garantir unha maior continuidade no subministro e polo tanto unha mellor calidade na continuidade do subministro eléctrico, máis na práctica parece non ser así.

Gas Natural Fenosa recibiu, e recibe, inxentes cantidades de diñeiro público para executar plans que optimicen as súas redes e que contribúan á mellor a calidade do servizo ós seus clientes.

É polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

O concello de Ordes insta a Gas Natural Fenosa a:



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 13

- Se entregue por parte de GNF un rexistro de tódalas interrupcións que afectaron ó Concello no ano 2016.

- Que aclare as causas que provocaron as numerosas interrupcións que afectaron a Ordes nos últimos tempos, e que actuacións teñen previsto executar para evitalas nun futuro”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de quince votos a favor (7 grupo político PP, 5 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PsdeG-PSOE, que sinala que estas interrupcións longas de subministro causan importantes prexuízos aos veciños, ao comercio e á hostalería. Dende o PSOE no pleno de xaneiro de 2014 trouxeron unha moción sobre esta mesma problemática centrada fundamentalmente no caso de que houbera temporal, solicitaban se elaborase un protocolo de actuación antes os danos causados aos veciños por mor de cortes polo temporal. Tamén pedían instar a Gas Natural Fenosa mellorar e reforzar o seu servizo en Ordes e resolver con rapidez as reclamacións dos veciños. O peor deste derradeiro corte eléctrico é que se produciu sen haber esas condicións climatolóxicas, por iso aínda é máis grave. Apoian totalmente esta iniciativa.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que están totalmente de acordo. estas interrupcións foi en días en que non houbo tormentas, normais metereoloxicamente falando. Tamén afectou a persoas con máquinas de saúde. O goberno debe velar polos intereses dos veciños.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que estas avarías producíronse no casco urbano, estas pedidos os informes. Unha vez que teñan os informes o darán a coñecer na xunta de voceiros. É algo lóxico, os veciños deben ter información ao respecto.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que sinala que moitas veces escusamos a Gas Natural Fenosa co do mal tempo. Non vale esta escusa, vivimos en Galicia, non no Levante. Ordes está dobremente alimentado e estas avarías non deberon ter a duración que tiveron. Cincuenta e tres minutos non foron, so hai que falar cos comerciantes, foron varias horas. Non se repuxo todo o subministro en cincuenta e tres minutos. Que se esixa a Fenosa un nivel de subministro acorde ao século XXI.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de quince votos a favor (7 grupo político PP, 5 grupo político UxO, 2 grupo político



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 14

BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

O concello de Ordes insta a Gas Natural Fenosa a:

- Se entregue por parte de GNF un rexistro de tódalas interrupcións que afectaron ó Concello no ano 2016.
- Que aclare as causas que provocaron as numerosas interrupcións que afectaron a Ordes nos últimos tempos, e que actuacións teñen previsto executar para evitalas nun futuro.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que presenta a moción que se transcribe a continuación.

“O Luns 7 de abril de 2014, formalizouse a reversión ao concello de Ordes das instalacións do Centro Comarcal. Xa van alá dous anos e o edificio segue sen ser utilizado nin explotado, co agravante de que agora é o concello de Ordes quen debe sufragar os gastos procedentes da súa conservación e mantemento.

No pasado pleno ordinario de novembro de 2015, acordouse que o edificio fose destinado a viveiro de empresas, pero a día de hoxe aínda non se procedeu a dar cumprimento a dito acordo plenario.

O grupo municipal do BNG de Ordes ten constancia de que existe xente na vila interesada na explotación da cafetería existente en ditas instalacións. Sacando a concurso a xestión da mesma, sería unha pequena fonte de ingresos para o concello, que sen dúbida contribuiría a axudar a manter ditas instalacións.

E polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

No prazo de dous meses, o Concello de Ordes sacará a concurso a xestión do servizo de cafetería nas instalacións do antigo Centro Comarcal”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de quince votos a favor (7 grupo político PP, 5 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que están de acordo con esta moción. Sería beneficioso para o concello, xeraría uns ingresos e aumentaría a vida do pobo, para non ver un edificio así na entrada do pobo na situación en que esta agora mesmo. Apoian esta iniciativa.



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 15

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que eles xa tiñan pensado sacar a concesión desta cafetaría, o adxudicatario tamén se poderá facer cargo do mantemento, levando a cabo unhas tarefas que lle evitarían ao concello ter que facelas. Sobre todo se temos en conta que vai haber un viveiro de empresas. Solicita que se lle informe dos trámites da posta en marcha dun viveiro de empresas. Gustaríalles participar na elaboración dos pregos de cláusulas para poder facer algunha aportación se o estiman oportuno.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que unicamente lles pode falar do estudo que se fixo para o viveiro de empresas, que UxO xa coñece con anterioridade. Falouse co técnico redactor. Non lles cadran as contas para poder por esa instalación en funcionamento. Insiste no mesmo, como dixo en novembro, a súa idea é vincular a apertura dun viveiro de empresas a que tamén sexa un centro empresarial. Xa se mantiveron bastantes contactos con empresas, a día de hoxe non hai nada concreto. Comprometerse a sacar a licitación esa cafetaría cun canon que non sería asumible polo adxudicatario. Os gastos anuais son bastante importantes. Si que se compromete a que de antemán se fagan esas contas, ver que acontece, e a partir de aí falamos do resto. Hai que facer un mantemento integral da instalación, da xardinería, seguros, seguridade coa rede de alarmas, roubo, mantemento de incendios, extintores, elevador, sistema de hixienización, control de pragas, teléfono, internet, submimistros de auga, gas e electricidade. O último ano de funcionamento do Centro Comarcal, pedíronse as cantidades, os gastos totais foron de corenta e un mil euros. Feitas as contas de seis oficiñas a menos de douscentos euros, máis a explotación da cafetaría e aforrando moitos destes gastos, o saldo sería negativo nuns quince mil euros. Non é posible neste momento ter alí un centro de negocios, un centro empresarial. Este prazo que se lle marca de dous meses, cando acabamos de licitar a cafetaría da cidade deportiva é unicamente se presentou á licitación a anterior adxudicataria. Non ven unha demanda na nosa localidade pola súa explotación. Con esta data límite a súa votación vai a ser a abstención. Independentemente de que están de acordo en que ao edificio hai que buscarlle unha solución. Gustaríalle que estuden en detalle ese estudo que se lles fixo chegar, que foi encargado polo anterior equipo de goberno e que nos dean o seu parecer. A previsión de ingresos que fai ese estudo esta moi por debaixo do que suporía ter esa instalación aberta. Comprométense a avanzar nun estudo de viabilidade do proxecto do viveiro de empresas vinculado a un centro empresarial.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que si so se abre ao público unha zona non entende por que hai que contemplar todos os gastos. A cafetaría da cidade deportiva é unha explotación completamente distinta, so funciona en horas puntuais de funcionamento da instalación deportiva. A cafetaría do centro comarcal funcionaría todo o día. O canon sería máis elevado. As contas de posta en funcionamento do centro comarcal como viveiro de empresas, coa estimación do aluguer das oficiñas, cunha diferenza de quince mil euros, xusto o que se lle deixou de cobrar á Garda Civil polo aluguer do local no que están ubicados. Ven isto como un proxecto prioritario, de crear postos de traballo, de ter algo distinto que non hai en ningún concello ao arredor, unicamente Santiago. Hai xente de Ordes que precisamente está traballando no viveiro de empresas de Carballo por que aquí non hai ese tipo de servizos. Pídelle que o reconsidere. A longo prazo calquera iniciativa sempre axuda.



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 16

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PsdeG-PSOE, que sinala que apoiarán esta iniciativa, a ben positiva para reducir os gastos do concello con este edificio e darlle vida ao pobo.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que lle sorprende que queira facer negocio co viveiro. Os servizos que se teñen no concello son de interese para os veciños. Estamos a falar de emprendedores, de xente que quere montar a súa empresa, que se lle vai a facilitar. Non se lle van a cobrar cantidades desmesuradas. Non é o Alcalde o que ten que facer as contas, para iso están os técnicos. Non seu día o interventor fixo as contas. Non se pon este servizo para obter unha ganancia. Non cree que o servizo sexa tan deficitario como se apuntaba. Cada emprendedor podería limpar a súa oficiña, as zonas comúns poderían limparse polo adxudicatario da cafetaría. Iso abarataría os custes. Estamos para dar un servizo. Non recorda que se falase dun déficit tan elevado. Sorpréndelle que o alcalde como unha persoa nova lle fale dun déficit. Se en novembro de 2015 acordamos que se adicase esa instalación a viveiro de empresas xa se sabía que ía ter un mantemento, que tamén se fai ao estar pechado. Habería que estudalo e ver a forma. Somos tan de dereitas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a Sra. Marín Pereiro sempre saca unhas conclusións equivocadas. Mantemento de ascensores co goberno de Uxo mil trescentos euros mes, mantemento de ascensores unificado agosto 2015, catro meses despois de entrar no goberno, catrocentos euros, os mesmos ascensores nas mesmas condicións, aforro dun sesenta e cinco por cento. Cree que a Sra. Marín Pereiro non leu o estudo que lle encargaron a ese profesor da universidade e non teña claras as cifras.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, que sinala que lle molesta que o Sr. Alcalde crea que todo o ben o fai el, que os demais non fan nada.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que en ningún momento dixo que a instalación fose deficitaria. O que lle gustaría en que cando se poña en funcionamento a instalación se faga conxuntamente a cafetaría e o viveiro de empresas. Que se lle dea unha operatividade a todo o edificio como centro empresarial e que todo iso teña unha solvencia para poder manterse por si mesmo. En ningún momento dixo que o déficit fose de quince mil euros. Sacou unha conclusión errónea da súa intervención. A día de hoxe sacar so a adxudicación da cafetaría non é correcto vista a previsión do que lle gustaría que se puidese facer alí. Está totalmente de acordo co fondo da moción, con que hai que darlle unha operatividade. Aí está o estudo que teñen dende o mes de novembro. Analicen os números e tráianlle unha resposta a ese estudo.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que o Sr. Alcalde terá que convocalos a unha reunión. O mesmo pasa cos proxectos presentados para a reforma do parque, non se sabe que se quere facer con iso, iniciouse a consulta a cidadanía e segue a cousa en stand by. Convóquenos e faremos unha proposta.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se convocarán as comisións, pídelles que fagan o análise dese estudo. Tal é como se plantexa a moción votarán pola abstencións.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de oito votos a favor (5 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, 1 grupo político





## CONCELLO DE ORDES

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 17

mixto-PSdeG-PSOE), coas abstencións (7 grupo político PP), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

No prazo de dous meses, o Concello de Ordes sacará a concurso a xestión do servizo de cafetería nas instalacións do antigo Centro Comarcal.

#### **PUNTO OITAVO: ROGOS E PREGUNTAS.**

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes.

- Na parroquia de Vilamaior, os veciños e veciñas teñen pouco espazo para poder aparcarse ó lado da Igrexa, en caso de funeral, enterro, etc.

Se se entuba a cuneta que vai por detrás da Illa Verde (Ver foto), permitiría habilitar ó longo da estrada máis prazas de aparcadoiro.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes fórmúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instamos ao Concello de Ordes a que leve a cabo obras para entubar a cuneta que vai por detrás da Illa Verde na parroquia de Vilamaior e así habilitar máis prazas de aparcadoiro.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa se teñen conversas co Arcebispado para ampliar este espazo de aparcamento. É curioso que non estea de acordo coa ampliación do aparcadoiro do cemiterio do Balado e si queira ampliar o de Vilamaior.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, que sinala que xa dixo que non estaba en contra da obra. Hai que ser coherente, se un considera que a débeda é alta cando esta na oposición ten que considerar que é alta cando esta no goberno.

- A semana pasada chegounos á Agrupación Socialista de Ordes a preocupación de numerosos veciños e veciñas pola situación na que se atopa a Canceira Municipal de



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 18

Ordes e polo aviso do Concello da posibilidade de empezar a sacrificar animais se a situación de saturación da Canceira persiste.

É preciso que dende o Concello se adopten medidas urxentes e se leven a cabo as xestións necesarias para manter o sacrificio cero na Canceira de Ordes.

Para iso, unha das primeiras medidas que propoñemos dende a Agrupación Socialista de Ordes é levar a cabo dende o Concello unha campaña de concienciación da necesidade de adoptar, dando a coñecer ós veciños e veciñas a Canceira e tamén o proceso de adopción, xa que moitos veciños e veciñas o descoñecen.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instamos ao Concello de Ordes a que leve a cabo unha campaña de concienciación cidadá da necesidade de adoptar, informando da existencia da Canceira Municipal e dándolle a coñecer ós veciños e veciñas o proceso para adoptar.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de medio ambiente, que sinala que xa dende o concello esta posta en marcha unha campaña, vai haber unha xornada de portas abertas da canceira para que os nenos cos seus pais poidan estar alí cos cans. Teñen pensado facer unha campaña de concienciación cidadá sobre a tenza responsable de animais e o non abandono, que é o problema que teñen agora mesmo.

- Na parroquia de Buscás, concretamente en fronte á Tiopeira, hai un ramal que se atopa en moi mal estado de conservación.

En tanto non se executen as obras de reparación integral do vial solicitamos que se leve a cabo un rebacheo provisional para mellorar a circulación por dita vía xa que, tal e como amosan as fotos, se atopa en moi mal estado de conservación.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instamos ao Concello de Ordes a que leve a cabo obras de rebacheo neste vial de xeito que as condicións de circulación por esta vía melloren.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que hai que esperar a que se adxudiquen as obras do POS, estarán adxudicadas no próximo mes. Como está deteriorada cun rebacheo non se vai a resolver nada, so gastar cartos. É cuestión de poucas semanas de que se poidan iniciar alí as actuacións.

- Na rúa Reconciliación hai unha tapa de rexistro que está sen atornillar podendo ser perigosa, posto que a simple vista parece estar en correctas condicións, tal e como amosan as fotos.



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 19

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instamos ao Concello de Ordes a que suxeite axeitadamente dita tapa para evitar danos persoais ós peóns que circulan pola beirarrúa.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é a saída de gases do garaxe do edificio, que esta sen rematar a súa construción. Pediráselle ao titular do edificio que a suxeite en condicións.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula o rogo seguinte.

- Este mes abríronse as portas da piscina da rúa do Muíño. É un lugar no que existe o perigo de producirse accidentes con lesións importantes nas que cómpre ter o material de salvamento axeitado e en bo estado.

Na súa condición de voceiro municipal do BNG no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

A que se nos informe sobre con que material de salvamento contan estas instalacións.  
A que se nos informe sobre os horarios do persoal co cal contan as instalacións.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o técnico de deportes fixo un informe no que se indica que se está a cumprir o art. 11 do Decreto 103/2005, de 6 de maio, polo que se establece a regulamentación técnico-sanitaria de piscinas de uso colectivo. O número mínimo de flotadores salvavidas que existirá en cada vaso, excepto nos vasos infantís, será de dous, non debendo ser nunca inferior ao número de escaleiras instaladas. Neste caso contamos con seis escaleiras e oito flotadores salvavidas superando, cumprindo por tanto o mínimo esixido. Están colocares en distintos lugares próximos ao paseo que rodea o vaso e facilmente accesibles para os bañistas. Dispónse dunha corda de lonxitude non inferior á metade máis tres metros da zona de máis anchura do vaso. Este ano optouse pola cesión de material que asegure a seguridade dos nenos na instalación como manguitos e burbullas, previa solicitude dos titores. Os horarios do persoal, os socorristas, nos días de apertura de xuño e setembro de 11:00 a 21:00 horas, nos días de apertura de xullo e agosto haberá días no que horario de algúns deles será de 11:00 a 16:00, no caso das persoas que lle coincida coa quenda de monitores de natación, e de tarde de 16:00 a 21:00 horas. Cóntase con cinco socorristas a xornada completa e un a media xornada garantindo durante a apertura da instalación a presenza de tres socorristas, cada día, en todo momento.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que pregunta con que material se conta nas instalacións da enfermería.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non dispón dese dato, maña pode informarllo. No informe do técnico faise referencia ao vaso.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que o Decreto de piscinas non permite que os monitores sexan contados como socorristas ao mesmo tempo.



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 20

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que esa dúbida tamén a tiveron ao principio, foi aclarada coa consellería e é viable, está contrastado e foi informado favorable.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que pregunta se ten a resposta por escrito. O sentido do rogo, da queixa, ven por algo que aconteceu o ano pasado e do que se enteraron a finais deste. Non nos enteramos por ningún dos socorristas da piscina, temos as nosas fontes. Hai un escrito presentado por rexistro dun dos socorristas dando conta dunha serie de deficiencias que existen na piscina descuberta. Casualmente ese socorrista á semana seguinte deixou de traballar nas instalacións da piscina. Quere pensar que non é debido a presións. Persoalmente durante a súa vida recibiu presións, afortunadamente ten un carácter forte e ten xente ao lado que tampouco lle importe que o presione. Non se pode actuar en política desta forma. No esta a dicir que se fixera.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que esta situación aconteceu na primeira ou segunda semana do novo goberno municipal. Non coñeceu a esa persoa, non era deste concello, o que fixo foi ausentarse do seu posto de traballo, chamóuselle varias veces, non se conseguiu contactar con el, ao final foi a nai a que dixo que non ía volver a traballar e por tanto se lle deu a carta de despido. Si é certo que esa persoa había presentado un escrito dunha serie de deficiencias na instalación e que despois se comprou material de xeito inmediato. Eles non tiveron tempo de reacción nos primeiros días para poder solventar todo isto ata que iso sucedeu. Asinou a carta de despido unha vez que o Tesoureiro me explicou a situación despois de tratar de falar con esa persoa. Nunca falou con el, non sabe por que decidiu ausentarse do seu posto de traballo durante eses días.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que so advirte que non lles gusta que existan presións. Que non volva a repetirse, por que é lamentable.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que formula o rogo seguinte.

- Na parroquia de Beán, na zona do Souto, existe unha liña de baixa tensión cuxos postes de formigón teñen grietas importantes, que tal como pode verse nas fotos, mesmo deixan a armazón ó descuberto.

Na súa condición de representante municipal do BNG no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Se poña en coñecemento de Gas Natural Fenosa o estado dos postes, instando á súa substitución o máis rápidamente posible.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que solicitarán un informe da policía local para que se faga a reposición de inmediato.



**CONCELLO DE ORDES**  
**(A CORUÑA)**

**FOLLA N° 21**

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás vinte e unha horas e vinte minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

**O ALCALDE**

**O SECRETARIO**